

# Competencias en Información nos estudos de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela: 2012-2019

**Resumo:**

Despois de plantexar o marco teórico no que se desenvolven o ensino universitario e as competencias en información, expónse os resultados da formación en Competencias en Información impartida pola Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía para os estudos do Grao en Medicina no período 2012-2019. Conclúese evidenciando a necesidade desta formación e a capacidade da Biblioteca para colaborar na adquisición destas competencias.

**Palabras chave:**

Competencias en Información, Grao en Medicina, Biblioteca Universitaria, Universidade de Santiago de Compostela.

**Autores:**

Marie-Pierre Bouyssou Poincheval.

José Rodríguez Dopazo.

*Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía/Enfermaría.*

*Universidade de Santiago de Compostela.*

Data de elaboración do documento: marzo 2019

Depositado no Repositorio institucional MINERVA

## INTRODUCCIÓN

*O Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, flexibiliza a organización do ensino universitario, promovendo a diversificación curricular e permitindo que as universidades aproveiten a súa capacidade de innovación, as súas fortalezas e oportunidades.*

A nova organización das ensinanzas universitarias responde non só a un cambio estrutural, senón que ademais impulsa un cambio nas metodoloxías docentes que centra o obxectivo no proceso de aprendizaxe do estudante, nun contexto que se estende ao longo da vida (1).

Os plans de estudos das titulacións de grao incorporan, ademais dos coñecementos temáticos, diferentes competencias transversais entre as que destacan as habilidades na búsqueda, a análise e a xestión da información.

Estas competencias intégranse e avalíanse mediante a elaboración do Traballo de Fin de Grao previsto no artigo 12.3 do citado Real Decreto.

*O Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 (2) recolle no seu artigo 2.1 que:*

“os TFG e TFM consistirán na elaboración por parte do estudante, de forma individual ou en grupo, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados nas titulacións de grao ou máster. Incluirán, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Estarán orientados á avaliación das competencias asociadas á titulación como: capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa área de estudo; emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.”

O aumento exponencial da información científica dende mediados do século XX, o desenvolvemento das TIC e o novo paradigma de ensino-aprendizaxe resultado da integración no EEES, esixen dotar aos estudantes e investigadores dunha ferramenta que lles axude a transformar a información en coñecemento. Esa ferramenta son as Competencias en Información (CI).

O presente traballo ten por obxectivos:

1. Evidenciar as necesidades de formación en Competencias en Información por parte dos estudantes universitarios.
2. Poñer en valor a función formadora da biblioteca e mostrar a súa capacidade de formación en Competencias en Información.
3. Mostrar o programa de formación en Competencias en información que a Biblioteca Universitaria da USC pon a disposición da comunidade universitaria.
4. Presentar os resultados da formación en Competencias en información no Grao en Medicina da USC no período 2012-2019

E trata de responder ás seguintes preguntas de investigación:

1. ¿É necesaria a formación en CI para o alumnado de grao?
2. ¿Está a Biblioteca universitaria en disposición de ofertar esa formación?
3. ¿Que programa de formación en CI oferta a BUSC?
4. ¿Que formación se imparte no Grao en Medicina da USC?

## MARCO TEÓRICO

A Red de Bibliotecas Universitarias Españolas (REBIUN) conceptualiza as Competencias en Información acudindo a Association of College and Research Libraries (ACRL):

“Las competencias informacionales son el conjunto de conocimientos, habilidades, actitudes y conductas que capacitan a los individuos para

reconocer cuándo necesitan información, dónde localizarla, cómo evaluar su idoneidad y darle el uso adecuado de acuerdo con el problema que se les plantea”(3).

No ano 2014, Rebiun, elaborou o documento “*Definición de Competencias en Información (CI)*” (4), como instrumento de referencia para o desenvolvemento de cursos de formación sobre CI nas bibliotecas universitarias españolas. O documento estrutura as CI en cinco competencias básicas:

CINFO1 - Buscar información: Recoñecer unha necesidade de información, coñecer os recursos nos que esta información se pode localizar e realizar estratexias de busca de maneira eficaz e eficiente.

CINFO2 – Avaliar a información: Avaliar a información e ás súas fontes de forma crítica e incorporar a información seleccionada á súa propia base de coñecemento e o seu sistema de valores.

CINFO3 - Organizar e xestionar a información eficazmente: Organizar e xestionar eficazmente a información reunida.

CINFO4 – Usar, publicar e difundir a información respectando as normas éticas e legais: Usar a información e publicar e difundir o novo coñecemento xerado, respectando a lexislación e normas éticas aplicables.

CINFO5 – Manterse ao día e compartir información en rede: Coñecer e utilizar os diferentes servizos de actualización de información científica ou especializada e compartir información usando as ferramentas de traballo en rede de forma cívica e segura.

*A Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente (Diario Oficial L 394 de 30.12.2006A) inclúe as CI dentro da competencia dixital, e define a esta como unha das oito competencias clave que todo estudante debe ter adquirido ao rematar o ensino para poder incorporarse á vida profesional de maneira satisfactoria e ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida (5).*

A Unión Europea desenvolveu esta competencia a través do proxecto DIGCOMP que REBIUN adaptou aos estudos de Grao (6):

# AS COMPETENCIAS DIXITAIS, ESTRATÉXICAS PARA OS ESTUDANTES DE GRAO

Adaptación do marco europeo de competencias dixitais DIGCOMP para a súa integración nos estudos de grao das universidades españolas

## 21 COMPETENCIAS 5 AREAS



### 2. COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN

- 2.1 **INTERACCIÓN** mediante tecnoloxías dixitais
- 2.2 **COMPARTIR** mediante tecnoloxías dixitais
- 2.3 **PARTICIPACIÓN** social mediante tecnoloxías dixitais
- 2.4 **COLABORACIÓN** mediante tecnoloxías dixitais
- 2.5 **NETIQUETA**
- 2.6 **XESTIÓN** da identidade dixital

### 3. CREACIÓN DE CONTIDO DIXITAL

- 3.1 **DESENVOLVEMENTO** de contidos dixitais
- 3.2 **INTEGRACIÓN E REESTRUTURACIÓN** de contido dixital
- 3.3 **DEREITOS** de autor e licenzas
- 3.4 **CONFIGURACIÓN E PERSONALIZACIÓN** de aplicacións e programas informáticos

### 4. SEGURIDADE

- 4.1 Protección de **DISPOSITIVOS**
- 4.2 Protección de **DATOS PERSOAIS e PRIVACIDADE**
- 4.3 Protección da **SAÚDE e o BENESTAR**
- 4.4 Protección da **CONTORNA**

### 1. INFORMACIÓN E TRATAMENTOS DE DATOS

- 1.1 **NAVEGACIÓN**, procura e filtrado de información, datos e contidos dixitais
- 1.2 **AVALIACIÓN** de información, datos e contidos dixitais
- 1.3 **XESTIÓN** de información, datos e contidos dixitais

### 5. RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

- 5.1 **RESOLUCIÓN** de problemas técnicos
- 5.2 **IDENTIFICACIÓN** de necesidades e respostas tecnolóxicas
- 5.3 **USAR A TECNOLOXÍA** dixital de forma creativa
- 5.4 **IDENTIFICACIÓN DE LAGOAS** na competencia dixital

A sociedade do coñecemento necesita graduados que sexan competentes dixitais



crue

Universidades Españolas

Red de Bibliotecas REBIUN

<http://www.rebiun.org/competenciadigital/>

O Artigo 149.1 dos *Estatutos da USC* (7) define a Biblioteca Universitaria (BUSC) como “*unha unidade funcional concibida como un centro de recursos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe, así como para todas aquelas actividades relacionadas co funcionamento e a xestión da Universidade. Como servizo básico ten a misión de facilitar o acceso e a difusión dos recursos de información e colaborar nos procesos de creación de coñecemento, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos institucionais da Universidade.*”

O PLAN ESTRATÉXICO DA BUSC (8) inclúe entre os obxectivos estratéxicos propostos:

“Contribuír á adquisición de competencias informacionais na comunidade universitaria: A BUSC axudará aos seus usuarios a desenvolver e potenciar as competencias informacionais necesarias hoxe en día para poder xestionar de xeito eficaz a grande cantidade de información técnica e científica disponible.”

En 2017 publicouse o *Programa de formación en competencias informacionais (ci) da BUSC* (9). Os seus obxectivos son:

1. Contribuír a adquisición de competencias informacionais por parte da comunidade universitaria da USC.
2. Proporcionar un marco de actuación común ás distintas unidades bibliotecarias da Universidade, respectando ás súas singularidades e ás diferenzas entre as áreas de coñecemento que atenden.
3. Facilitar a homologación, acreditación e recoñecemento da formación en CI. Colaborará activamente co PDI, prestándolle un apoio adaptado ás novas necesidades docentes e de investigación derivadas da implantación do EEES e o EEI.

Para acadar estes obxectivos propóñense actividades formativas deseñadas en tres niveis:

Inicial ou básico: dirixido ao alumnado de primeiros cursos de Grao, e ao PAS (este último segundo ás súas necesidades)

Medio ou avanzado: dirixido ao alumnado de últimos cursos de Grao, e ao PAS (segundo ás súas necesidades)

Experto ou de especialización: dirixido ao alumnado de Posgrao, ao PDI, e ao PAS (segundo ás súas necesidades)

## DESCRIPCIÓN DOS CURSOS

No marco da misión da BUSC, a Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía / Facultade de Enfermería desenvolve desde o curso 2012-2013 estas competencias a través dun curso de nivel Básico para o alumnado de 1º de grao e a partir do curso 2015-2016 con un segundo curso de nivel Avanzado impartido nos últimos cursos do Grao, especialmente enfocado para axudar na realización do TFG.

Tamén contribúe á formación en CI nos estudos do posgrado mediante a impartición dun curso de nivel Experto.

As fichas técnicas dos tres niveis de formación no presente curso académico 2018/2019 son as seguintes:

### **CURSO BÁSICO DE FORMACIÓN EN COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN**

#### INFORMACION XERAL

O curso desenvólvese a través do Campus Virtual da USC. A súa duración é de 4 semanas, cunha inversión en tempo do alumno de entre 25 e 30 horas, dependendo das habilidades previas e da dificultade que lle supoña a comprensión dos temas e a realización dos exercicios e/ou tarefas de avaliación. A formación organízase en dez módulos, cos contidos teóricos e as tarefas correspondentes, de carácter obrigatorio. Inclúe unha visita obrigatoria á Biblioteca da Facultade a realizar ao comezo do curso.

#### COMPETENCIAS

A UE integra as CI dentro da Competencia Dixital, e define esta como unha das oito competencias chave que todo estudante debe ter adquirido ao rematar a súa formación académica.

O alumnado asume que saber xestionar información é unha práctica transversal que debe completar o seu proceso de formación na universidade, práctica que lle facilita o estudo, axúdalle a investigar e a realizar traballos académicos cunha metodoloxía científica.

O documento europeo DIGCOMP establece 21 Competencias Dixitais, repartidas en 5 Áreas:

#### ÁREA 1: Información e tratamento de datos

C1. Navegación, procura e filtrado de información, datos e contidos dixitais

C2. Avaliación de información, datos e contidos dixitais

C3. Xestión de información, datos e contidos dixitais

#### ÁREA 2: Comunicación e colaboración

C4. Interacción mediante tecnoloxías dixitais

C5. Compartir mediante tecnoloxías dixitais

C6. Participación social mediante tecnoloxías dixitais

C7. Colaboración mediante tecnoloxías dixitais

C8. Netiqueta

C9. Xestión da identidade dixital

ÁREA 3: Creación de contido dixital

C10. Desenvolvemento de contidos dixitais

C11. Integración e reestruturación de contido dixital

C12. Dereitos de autor e licenzas

C13. Configuración e personalización de aplicacións e programas informáticos

ÁREA 4: Seguridade

C14. Protección de dispositivos

C15. Protección de datos persoais e privacidade

C16. Protección da saúde e o benestar

C17. Protección da contorna

ÁREA 5: Resolución de problemas

C18. Resolución de problemas técnicos

C19. Identificación de necesidades e respostas tecnolóxicas

C20. Usar a tecnoloxía dixital de forma creativa

C21. Identificación de lagoas na competencia dixital

OBXECTIVOS

1. Ser capaz de recoñecer a importancia que ten a adquisición de competencias dixitais e xestionar o tempo de estudo e traballo.
2. Coñecer os recursos de información e servizos da Biblioteca Universitaria a través da súa web, e os recursos TIC que a USC pon a disposición do alumnado.

3. Ser quen de identificar a súa necesidade de información e elaborar unha estratexia de busca adecuada. Localizar información pertinente no catálogo da BUSC, bases de datos e na internet. Avaliar correctamente a información atopada.

4. Avaliar a utilidade dos recursos atopados na rede. Almacenar e organizar a información para empregala posteriormente.

5. Ser capaz de aplicar unha metodoloxía científica básica na elaboración dun traballo académico e comprender a importancia de facer un uso responsable, ético e legal da información que utiliza, citando e redactando as referencias bibliográficas. Coñecer, a nivel básico, os dereitos de autor e as licenzas. Entender o que é o acceso aberto á información.

6. Saber empregar ferramentas básicas para editar contidos dixitais, presentar traballos académicos e almacenar e compartir contidos na nube.

7. Ser quen de protexer a súa identidade dixital e os recursos informáticos que utiliza. Saber utilizar a tecnoloxía dixital de forma creativa e resolver problemas técnicos sinxelos.

## CONTIDOS

Os contidos distribúense en 10 módulos, que se axustan aos obxectivos propostos e competencias de acordo a un nivel básico:

0. Antes de empezar. Desenvolvemento do curso. As CI.

1. Coñecendo a Biblioteca e os recursos TIC da USC

2. A estratexia de busca de información

3. Buscar no catálogo

4. Buscar na web da BUSC

5. Buscar en internet

6. Como facer un traballo académico

7. Usar a información evitando o plaxio. As citas

8. Traballando na rede

9. Identidade dixital e Seguridade informática

## METODOLOXÍA

Desenvolvemento do curso virtual: 4 semanas de duración, e un traballo aproximado do alumno/a de entre 25-30 horas:

Lectura do contido teórico dos dez módulos

Realización dos exercicios e/ou tarefas obrigatorias

Actividades iniciais: unha *enquisa inicial*, con fins estatísticos, e un *test de diagnose* sobre os *coñecementos previos* que ten o alumnado, antes de comezar o curso.

Enquisas de satisfacción enviadas aos participantes no curso: alumnado, profesorado colaborador e aos formadores/titores.

Participación nos foros, como ferramenta para a titorización e a motivación das competencias sociais do alumnado.

## **CURSO AVANZADO DE FORMACION EN COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN**

### INFORMACION XERAL

O curso desenvolverase nunha contorna virtual. A duración do curso será de catro semanas, cunha inversión en tempo do alumno de 25 horas. O curso organízase en seis módulos cos contidos e as tarefas correspondentes, de carácter obrigatorio.

### COMPETENCIAS

A UE inclúe as CI dentro da competencia dixital, e define esta como unha das oito competencias chave que todo estudante debe ter desenvolto ao rematar o ensino universitario.

O alumnado asume que saber xestionar información é unha práctica transversal que debe completar o seu proceso de formación na universidade, que lle facilita o estudo, lle axuda a investigar e a realizar traballos académicos cunha metodoloxía científica.

Seguindo o documento de Rebiun, “Definición de Competencias en Información (CI)”, o alumnado adquire, a nivel avanzado, as seguintes habilidades e destrezas:

CINFO1 - Buscar información: recoñecer unha necesidade de información, coñecer os recursos nos que esta información se pode localizar e realizar estratexias de busca de maneira eficaz e eficiente.

CINFO2 – Avaliar a información: avaliar a información e ás súas fontes de forma crítica e incorporar a información seleccionada á súa propia base de coñecemento e o seu sistema de valores.

CINFO3 - Organizar e xestionar a información eficazmente: organizar e xestionar eficazmente a información reunida.

CINFO4 – Usar, publicar e difundir a información respectando as normas éticas e legais: usar a información e publicar e difundir o novo coñecemento xerado, respectando a lexislación e normas éticas aplicables.

CINFO5 – Manterse ao día e compartir información en rede: coñecer e utilizar os diferentes servizos de actualización de información científica ou especializada e compartir información usando as ferramentas de traballo en rede de forma cívica e segura.

#### OBXECTIVOS

1. Ser capaz de recoñecer a importancia que ten a adquisición de competencias informacionais/dixitais e xestionar o tempo de estudo e traballo, de cara á elaboración do TFG.
2. Coñecer e saber empregar como usuario avanzado os recursos de información e servizos a través da web da BUSC e os recursos TIC da USC.
3. Saber que é unha fonte de información e escoller os tipos de fontes máis adecuadas ás súas necesidades específicas. Aprender a planificar unha busca e localizar información pertinente no catálogo da BUSC, bases de datos e na Internet, relacionadas co tema do seu TFG.
4. Ser quen de avaliar correctamente a información atopada, en función da precisión e necesidades do seu traballo, para así seleccionar aquela que mellor as resolva. Xestionar e organizar por si mesmo a información, mediante xestores bibliográficos e/ou outras ferramentas informáticas para a almacenaxe na nube.
5. Ser capaz de aplicar a metodoloxía científica propia da elaboración dun Traballo Fin de Grao. Comprender a importancia de facer un uso responsable, ético e legal da información que se utiliza, citando e redactando as referencias e evitando o plaxio. Coñecer máis dunha ferramenta para presentar traballos académicos.
6. Coñecer, a nivel avanzado, as implicacións da Propiedade Intelectual e como compartir información respectando os dereitos de autor propios e dos demais. Ser quen de difundir e compartir información a través da web e das redes sociais. Aprender a xestionar a propia identidade dixital sen riscos. Entender o que é o acceso aberto e os seus beneficios para a difusión da ciencia.

#### CONTIDOS

Os contidos distribúense en 6 módulos, que se axustan aos obxectivos propostos e competencias de acordo a un nivel avanzado.

1. Que necesito aprender e para que cara ao Traballo de Fin de Grao (TFG)

2. A biblioteca universitaria (BUSC). Recursos TIC da USC á túa medida
3. Buscar información
4. Avaliar e organizar a información
5. Tratar a información. Como elaborar un traballo de Fin de Grao (TFG)
6. Comunicar e difundir a información

#### METODOLOXÍA

Desenvolvemento do curso virtual: catro semanas de duración e un traballo aproximado do alumno/a de 25 horas:

Lectura do contido teórico dos seis módulos

Realización dos exercicios e/ou tarefas obrigatorias

Actividades iniciais: unha *enquisa inicial*, con fins estatísticos, e un *test de diagnose* sobre os *coñecementos previos* que ten o alumnado, antes de comezar o curso.

Test de avaliación final

Enquisas de satisfacción enviadas aos participantes no curso: alumnado, profesorado colaborador e aos formadores/titores.

Realización de 3 sesións presenciais :

1. Traballo académico: concepto, tipoloxía, estrutura e elementos.
2. Búsqueda bibliográfica: donde e como buscar.
3. RefWorks: citas e referencias.

### **CURSO EXPERTO EN COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN NA CONTORNA DIXITAL**

#### INFORMACION XERAL

O curso desenvolverase nunha contorna virtual. A duración do curso será de oito semanas, cunha inversión en tempo do alumno de 25 horas. O curso organizarase en sete módulos cos contidos e as tarefas correspondentes, de carácter obrigatorio.

#### COMPETENCIAS

1. O alumnado asume que saber xestionar información é unha práctica transversal que debe completar o seu proceso de formación na universidade, que lle facilita o estudo, lle axuda a investigar, e a realizar traballos académicos cunha metodoloxía científica.

2. O alumnado adquire, a nivel experto ou de especialización, habilidades e destrezas para buscar información, localizar, seleccionar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma, construtiva e ética de acordo cos seus propósitos.

3. O alumnado aprende a comunicar, difundir e compartir información reflexivamente e con responsabilidade, a través dos seus traballos académicos e das redes sociais. Coñece os seus dereitos de autor e aprende a evitar o plaxio. Sabe como aumentar a visibilidade da súa investigación, creando o seu perfil dixital e publicando en acceso aberto.

#### OBXECTIVOS

1. Ser capaz de recoñecer a importancia que ten a adquisición de competencias informacionais/dixitais e xestionar o tempo de estudio e traballo.

2. Coñecer os recursos de información e servizos a través da web da BUSC e os recursos TIC da USC.

3. Saber que é unha fonte de información e os diferentes tipos. Aprender a planificar unha busca e localizar información pertinente no catálogo da BUSC, bases de datos e Internet.

4. Ser quen de avaliar correctamente a información atopada para así seleccionar aquela que mellor resolva as súas necesidades. Xestionar e organizar por si mesmo a información, mediante xestores bibliográficos e/ou outras ferramentas informáticas para a almacenaxe na nube.

5. Ser capaz de aplicar a metodoloxía científica propia da elaboración dun traballo de investigación. Comprender a importancia de facer un uso responsable, ético e legal da información que se utiliza, citando e redactando as referencias e evitando o plaxio.

6. Coñecer máis dunha ferramenta para presentar traballos académicos. Ser quen de difundir e compartir información a través da web e das redes sociais. Aprender a xestionar a propia identidade dixital sen riscos. Entender o que son os dereitos de autor e as implicacións de publicar en acceso aberto os resultados da investigación, e os seus beneficios para a difusión da ciencia.

#### CONTIDOS

Os contidos distribúense en 7 módulos, que se axustan aos obxectivo prpostos e competencias de acordo a un nivel experto.

0. A biblioteca universitaria (BUSC). Recursos TIC da USC á túa medida

1. Que necesito aprender e para que

2. Buscar información

3. Avaliar e organizar a información

4. Avaliar a ciencia
5. Uso e tratamento da información. Como elaborar un traballo de investigación
6. Comunicar e difundir a información

#### METODOLOXÍA

Desenvolvemento do curso virtual: oito semanas de duración e un traballo aproximado do alumno/a de 25 horas:

Lectura dos sete módulos cos seus contidos

Realización dos cuestionarios e exercicios (tarefas) relacionados cos temas

Enquisas iniciais: unha de *datos previos*, con fins estatísticos, e outra de *diagnose* sobre os coñecementos que ten o alumnado antes de comezar o curso.

Enquisas de satisfacción enviadas aos participantes no curso: alumnado, profesorado colaborador e aos formadores/titores.

Participación nos foros, como ferramenta para a titorización e a motivación das competencias sociais do alumnado.

No marco do curso impártense 4 clases prácticas/presenciais :

1. Traballo académico/científico: concepto, tipoloxía, estrutura e elementos.
2. Búsqueda bibliográfica: donde e como buscar.
3. RefWorks: citas e referencias.
4. Publicacións científicas: criterios de calidade, JCR, SJR.

## RESULTADOS

### 1. CURSO BÁSICO MEDICINA

Curso académico	Matrícula oficial	Matrícula CI	Suspensos + abandonos	Aptos	Alumnos formados	Nota media dos test
2012-2013	441	70	6	64	14,51%	84,09
2013-2014	362	305	25	280	77,34%	90,32
2014-2015	395	324	29	295	74,68%	89,61
2015-2016	466	380	17	363	77,89%	92,56
2016-2017	441	310	10	300	68,02%	95,95
2017-2018	403	322	13	309	76,67%	97,76
2018-2019	344	319	13	306	88,95%	93,99
2012-2019	2852	2030	113	1917	68,29%	92,04

### 2. CURSO AVANZADO MEDICINA

Curso académico	Matrícula oficial	Matrícula CI	Suspensos + abandonos	Aptos	Alumnos formados %	Nota media dos test
2016-2017 (6º)	402	213	57	156	39%	87,93
2016-2017 (5º)	346	214	52	189	55%	91,02
2017-2018	383	270	31	239	88,51%	81,9
2016-2018	1131	697	140	584	60,87%	86,95

NOTA: o curso de nivel avanzado para os alumnos de 5º de Grao en Medicina no curso académico presente (2018/2019) desenvólvese entre o 18 de marzo e o 22 de abril. No momento de elaborar este traballo o alumnado matriculado a través da Secretaría virtual da USC é de 245 persoas.

### 3. CURSOS DE NIVEL EXPERTO

#### MÁSTER DE SAÚDE PÚBLICA

No curso académico 2016 -2017, do mesmo xeito que nos cursos da titulación de Grao, a Biblioteca impartiu o curso de formación de nivel Avanzado en Competencias en Información ao alumnado do Máster Universitario en Saúde Pública (que o ten introducido na súa Guía docente). Participaron nel os trece alumnos matriculados no Máster acadando o Apto 9 deles (69%).

A partires do curso 2017-2018 ofertouse ao alumnado de posgrao un curso de competencias en información de nivel experto impartido en liña con 2 sesións presenciais tratando do método científico, das buscas en bases de datos bibliográficas, do uso de xestores bibliográficos e da avaliación da ciencia.

#### EXPERTO ODONTOLOXÍA

No momento de elaborar o presente traballo estase a desenvolver o CINFO experto ODONTOLOXÍA [2018/2019], un curso de nivel Experto dirixido a posgraos e PDI de Odontoloxía cun alumnado matriculado de 23 participantes.

#### EXPERTO MEDICINA

Para o 22 de maio do presente ano está previsto o comezo do curso de nivel Experto denominado CINFO experto MEDICINA [2018/2019] e dirixido aos posgraos e PDI de Medicina.

### CONCLUSIÓNS

A partires dos datos estatísticos que nos ofrece a plataforma Moodle do Campos Virtual, dos resultados da enquisa de satisfacción que acompaña a cada curso, e da información que xera a interacción cos estudantes nos foros do curso, extraemos as seguintes conclusións:

- Alta participación do alumnado nos cursos de nivel Básico en 1º de Grao.
- A menor participación no curso avanzado de 6º de Medicina, debida á pouca dispoñibilidade dos alumnos pola súa dispersión na realización das prácticas, levounos a convocar o mesmo curso para os alumnos de 5º, no que tivo unha maior aceptación.
- Por unha banda, a *Normativa de elaboración do TFG* indica que o alumno poderá iniciar o desenvolvemento do mesmo con anterioridade ao último curso; por outra banda, constatamos a existencia de problemas de dispoñibilidade no último curso. Isto lévanos a considerar adecuado impartir o curso Avanzado centrado na elaboración do TFG no penúltimo e no último curso de cada titulación, porque así acadaremos un maior número de alumnos formados.

- Elevado descoñecemento dos contidos acompañado dunha grande interese pola adquisición das competencias informacionais.
- Os alumnos outorgan unha alta utilidade aos coñecementos e habilidades adquiridas nos cursos para a súa formación académica e o desenvolvemento profesional futuro.
- Nos cursos de nivel Avanzado, os talleres prácticos de busca bibliográfica e xestión da información son altamente valorados; do mesmo xeito, demándase a realización de prácticas sobre a metodoloxía de realización dos TFG/TFM. Isto lévanos a valorar a necesidade de aumentar as clases prácticas.
- A pesar da súa voluntariedade conséntase un elevado número de alumnos que, una vez comezado, rematan o curso. Indicativo do grao de interese e utilidade que esperta neles.
- A literatura profesional sobre as CI, a normativa legal, a nosa experiencia profesional e a opinión dos estudantes recollida nos cursos, demanda a implantación da formación en Competencias Informacionais dun xeito estable nos estudos de Grao, nos niveis Básico e Avanzado.
- Igualmente os estudos de Máster e Doutoramento deben incorporar nos seus currículos a adquisición das CI, con un curso de formación de nivel Especializado.
- A vía que nós consideramos máis doada, rápida e menos burocrática, e de probada efectividade nestes sete anos de experiencia, é a inclusión dos cursos de formación na Guía docente dunha materia, así como na Normativa dos Traballos de Fin de Grao/Máster, acompañada dun recoñecemento explícito na puntuación final da mesma ou especificando a súa obrigatoriedade.

## BIBLIOGRAFÍA

1. Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales. Boletín Oficial del Estado. 2007;260.
2. Universidade de Santiago de Compostela. Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, Aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 [Internet]. Dispoñible en:  
[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/xestionacademica/Pto\\_15.-Regulamento\\_de\\_matrxculax\\_elaboracixn\\_e\\_defensa\\_TFG\\_e\\_TFMok.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/xestionacademica/Pto_15.-Regulamento_de_matrxculax_elaboracixn_e_defensa_TFG_e_TFMok.pdf)
3. Comisión Mixta CRUE-TIC, REBIUN. Competencias informáticas e informacionais (CI2) en los estudios de Grado [Internet]. 2012 [consultado marzo 2019]. Dispoñible en:  
<http://www.rebiun.org/sites/default/files/2017-11/dec%C3%A1logo%20CI2.pdf>
4. REBIUN. Definición de Competencias Informacionais [Internet]. 2014 [consultado marzo 2019]. Dispoñible en: [https://www.rebiun.org/sites/default/files/2017-11/Definicion\\_Competicencias\\_Informacionais\\_2014.pdf](https://www.rebiun.org/sites/default/files/2017-11/Definicion_Competicencias_Informacionais_2014.pdf)
5. Recomendación del Parlamento Europeo y del Consejo de 18 de diciembre de 2006 sobre las competencias clave para el aprendizaje permanente (2006/962/CE). Diario Oficial de la Unión Europea. 2006;L394(10)
6. REBIUN. Marco de competencia digital para estudiantes de grado: adaptación de DIGCOMP [Internet]. 2016 [consultado marzo 2019]. Dispoñible en:  
<http://hdl.handle.net/20.500.11967/65>.
7. Universidade de Santiago de Compostela. Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela [Internet]. 2014. [consultado marzo 2019]. Dispoñible en:  
[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Estatutos\\_da\\_Universidade\\_de\\_Santiago\\_de\\_Compostela\\_-\\_DECRETO\\_14-2014x\\_do\\_30\\_de\\_xaneirox\\_polo\\_que\\_se\\_aproban\\_os\\_estatutos\\_da\\_USC.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Estatutos_da_Universidade_de_Santiago_de_Compostela_-_DECRETO_14-2014x_do_30_de_xaneirox_polo_que_se_aproban_os_estatutos_da_USC.pdf)
8. Universidade de Santiago de Compostela. O Plan Estratéxico da BUSC 2011- 2014 [Internet]. 2011 [consultado marzo 2019]. Dispoñible en:  
<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/biblioteca/descargas/plan-estratexico.pdf>.
9. Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca Universitaria. Programa de formación en competencias informacionais (ci) da BUSC. 2017.